



Concello de A Mezquita

BANDO

PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO

D. Rafael Pérez Vázquez, como Alcalde – Presidente do Concello de A Mezquita, polo presente,

FAI SABER:

Que a Consellería de Emprego e Igualdade publicou a Orde do 28 decembro do 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a **PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO** (D.G.A. nº 250 do 30 de decembro do 2021).

A finalidade deste programa é a concesión dunha **AXUDA ECONÓMICA** para os beneficiarios que son as persoas **DESEMPREGADAS** que procedan á creación do seu propio **NEGOCIO OU POSTO DE TRABALLO** mediante a súa constitución en traballadores ou traballadoras autónomos/as ou por conta propia, para facer fronte aos distintos gastos xerados no comezo da súa actividade laboral.

A axuda económica está comprendida entre os 2.000 ou 10.000 Euros, dependendo dos requisitos esixidos na orde.

Subvencionaranse as altas na Seguridade Social formalizadas entre o día 1 de outubro do 2021 e o 30 de setembro do 2022.

O prazo para a solicitude destas axudas remata o día 30 de setembro do 2022.

Para calquera dúbida poden acudir ás oficinas do Concello en horario de 9:00 a 14:30 horas.

En A Mezquita, a 11 de xaneiro de 2022.

O ALCALDE,
Asdo: Rafael Pérez Vázquez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

